



AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Grao en Ciencia Política e da Administración

Curso Académico: Curso 2017-2018

■ Datos da universidade e do título obxecto do seguimento

■ Cumprimento do proxecto establecido

- Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
- Dimensión 2. Recursos humanos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
- Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

■ Listaxe de evidencias e indicadores

■ Modificacións do plan de estudos

■ Plan de Melloras

- Abertas Curso 2017-2018
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
 - Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
 - Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
 - Directriz 6. Información pública
 - Criterios anteriores a curso 2017/2018
 - AM-1
 - AM-2
 - AM-3
 - AM-4
 - AM-5
 - AM-6
- Finalizadas Curso 2017-2018
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
 - Criterio 4 - Recursos humanos
 - Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
 - Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
 - Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
 - Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

■ Directriz 6. Información pública

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Grao en Ciencia Política e da Administración
Mencións/Especialidades	A CUBRIR POLO TÍTULO
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	A CUBRIR POLO TÍTULO
Centro responsable	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
Centro/s onde se imparte	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	A CUBRIR POLO TÍTULO
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2008/2009
Data acreditación ex ante (verificación)	28/05/2008
Data renovación acreditación	09/06/2016

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Consideramos que o título mantén a súa relevancia e está actualizado. Tanto o plan de estudos como cada unha das materias que o compoñen, tal como se plasma nas súas guías docentes, adecúase aos requisitos da disciplina. A vocación multidisciplinar do grao en ciencia política fornece aos graduados dunha gama de competencias de amplo alcance e dunha flexibilidade que lles facilita a integración nunha ampla variedade de profesión tanto no sector público como no sector privado da economía. O informe de inserción laboral dos graduados elaborado polo centro no curso 2016-17 revela que os graduados en ciencia política se insiren no mercado laboral en condicións polo menos semellantes ás dos graduados doutras titulacións de SUG e mesmo a elevada valoración que deles fan as organizacións e empresas nas que traballan. Indicios da actualización e adecuación son os seguintes indicadores que, sintetizando os comentarios correspondentes, mostran a demanda social da formación, coñecementos ou competencias susceptibles de adquisición no grao de ciencia política e da administración:

- 1) Ao longo da serie temporal dos seis últimos cursos, e debido á evolución mostrada polos indicadores nos que se basea esta reflexión, non se tivo que reducir o número de prazas ofertadas, que se mantén en 125 (indicador IN01-PC-05).
- 2) A matrícula de novo ingreso por preinscripción amosa unha relativa volatilidade, aínda que se observa unha tendencia ao crecemento nunha serie temporal corta (só seis cursos consecutivos). Os 130 novos matriculados no primeiro curso (indicador IN04-PC-05) supoñen un aumento dun 3.17% (indicador IN05-PC-05) respecto dos 126 estudantes matriculados por primeira vez no primeiro curso da titulación no ano académico 2016-2017, e igualan o número do curso 2015-2016. Así, quebra a aparente tendencia á baixa que supuxo pasar a 130 estudantes no curso 2015-16 desde os 132 do ano académico 2014-2015 (redución dun -1.52%). Non obstante, os 132 estudantes de 2014-2015 representan un incremento dun 14.78% respecto dos 115 do ano académico precedente, que, á súa vez, son un 12.88% menos que os 131 matriculados dos dous cursos anteriores. Esa evolución da lugar a una tendencia á estabilidade na serie temporal de seis cursos académicos, como se observa no gráfico correspondente ao indicador. En resumen, o número de matriculados por primeira vez en primeiro curso (130) é parte dunha evolución con altos e baixos (salvo no curso 2013-2014), por encima do número de prazas ofertadas e, polo tanto, reflexa unha capacidade sostida da titulación de captación de novos estudantes.
- 3) Idéntica conclusión é posible inferir da taxa de ocupación (indicador IN12-PC-05): aínda que nos dous cursos académicos anteriores parecíase apuntar unha tendencia decrecente, os 130 estudantes de primeira matrícula en primeiro curso representan una taxa de ocupación dun 104.00%, que non está moi lonxe do valor máximo alcanzado por esa taxa na serie dos seis últimos cursos (105.6% no ano académico 2014-2015), retorna ao nivel alcanzado no

- curso 2015-2016 e é, polo tanto, satisfactoria.
- 4) A matrícula de acceso (indicador IN03-PC-05) contribúe a manter a mesma interpretación: a tendencia aparentemente decrecente do número de estudantes que se matriculan por primeira vez na titulación ao longo dos seis últimos cursos (e, en concreto, nos dous últimos anteriores ao que é obxecto do informe), non resulta sorprendente nunha serie coa mesma característica de volatilidade relativa que se revela nas series de valores de indicadores anteriormente comentados; así, de 128 matriculados no curso 2016-2017, pásase a 130 no curso 2017-2018.
 - 5) A relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (indicador IN10-PC-05) apunta na mesma dirección. O 83.20%, alcanzado no curso 2017-2018, é o valor máis alto da serie dos seis últimos cursos, e supón nun considerable aumento (17.6 puntos porcentuais) respecto do 65.6% dos matriculados por primeira vez elixe a titulación como primeira opción no curso 2016-2017. Desde xeito, tal como amosa o gráfico do indicador, parécese trazar unha tendencia crecente desde o curso académico 2013-2014, que só se interrompe no curso académico 2016-2017.
 - 6) A tendencia ao incremento do número total de matriculados na titulación (indicador IN02-PC-05) interrómpese neste curso; dos 502 estudantes do curso 2016-2017 pásase a un total que 496 no curso 2017-2018, que é o segundo valor máis da serie temporal dos seis últimos cursos académicos.
 - 7) Respecto dos resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF 13), a Comisión aprecia positivamente que todos os ítems, salvo un, rolden ou superen os 3.5 puntos. O valor máis baixo, con 3.27 (coordinación entre os profesores de materia), probablemente obedece (segundo se infire das reunións de coordinación realizadas polo coordinador do grado e os coordinadores de curso cós estudantes dos catro cursos da titulación) á situación de dúas novas materias de cuarto curso, nas que, contra o criterio so SXOPRA (imposible de cumprir, dada a ausencia de mecanismos de sanción), imparten clase hasta sete profesores nun cuatrimestre. Tres puntuacións igualan ou superan 4: "Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente", "Cumpre co programa e o plan de traballo previsto" e "Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)". O descenso da puntuación na valoración global quebra a tendencia ascendente dos últimos cursos e retorna a valores dos cursos 2013-2014 e 2014-2015, aínda que o descenso non supera as 11 centésimas (3.85 a 3.74).
 - 8) Respecto dos resultados de resposta á enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF 14), a Comisión considera as puntuacións aceptables. O PDI valora con máis de 3 puntos todos os ítems. Destaca a súa valoración positiva (4 puntos ou máis) dos seguintes ítems: o seu coñecemento do nivel de comprensión do alumnado; a súa satisfacción coa relación creada co alumnado nas clases e titorías; o nivel de coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia; e dispoñibilidade no centro dos recursos necesarios para a docencia. Dos dez ítems valorados entre 0 e 5, en cinco a puntuación no curso 2017-2018 supera a puntuación do curso anterior. Así mesmo, un 19% do PDI enquisado manifesta estar interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías aplicadas á docencia e un 20% en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico xeral. Ambos son os valores máis altos na serie temporal dos cinco últimos cursos.

Non obstante, cómpre non perder de vista algúns resultados menos satisfactorios, que obrigan a reflexionar sobre accións que permitan deter ou reverter aparentes tendencias negativas, como as que parecen revelar unha serie de indicadores:

- 1) Aínda que non sexan completamente satisfactorios, os resultados de captación de alumnos non galegos (do resto de España e estranxeiros) non amosan tendencias de severo empeoramento, dado que se repiten curso a curso valores baixos. O 2.22% de estudantes españois de fora de Galicia sobre matriculados (indicador IN09-PC-05) no curso 2017-2018 supera o 1.99% do curso anterior, mantense dentro das marxes de 2.28% (valor máximo do

indicador na serie de seis cursos, alcanzado no curso 2012-2013) e de 1.58% (valor mínimo do indicador na mesma serie, alcanzado no curso 2013-2014), e é a segunda porcentaxe máis alta da serie dos seis últimos cursos. A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (indicador IN08-PC-05), aínda que case triplica a porcentaxe do curso 2015-2016 (0.41%) e case duplica a do curso 2016-2017 (0.80%), apuntando unha lixeira tendencia á alza, é a terceira mais baixa da serie de seis cursos, limitándose a un 1.21%. Non obstante, o máximo deste indicador non supera, na serie de seis cursos, o 1.66% do curso 2014-2015. Polo tanto, o valor acadado no último curso non é comparativamente alarmante.

- 2) 482 dos 496 estudantes matriculados (97.18%) proceden de Galicia. A porcentaxe restante corresponde a un estudante procedente de Ecuador, un estudante procedente de Portugal, un estudante procedente de Comunidade Valenciana, un estudante procedente de Asturias, un estudante procedente das Illes Balerars, dous estudantes procedentes de Canarias, dous estudantes procedentes de Castilla y León, un estudante procedente de Castilla La Mancha, dous estudantes procedentes de Cataluña, un estudante procedente de Navarra e dous estudantes procedentes da Comunidade Valenciana (INF 16).

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Pode afirmarse que as actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación desenvólvense de acordo co establecido na memoria e permite a consecución de competencias, como mostran os datos seguintes.

- 1) A valoración que fan os estudantes das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación na enquisa sobre docencia recibida (INF 13) é satisfactoria. Todos os ítems roldan ou superan os 3.5 puntos e tres igualan ou superan o 4: "Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente", "Cumpre co programa e o plan de traballo previsto" e "Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)". Aínda que as diferenzas se midan en décimas ou centésimas de punto, as puntuacións son inferiores ás do curso anterior en todos os ítems menos dous. Igualmente, rexístrase un descenso da puntuación da valoración global en 11 centésimas respecto ao curso anterior, retornando a puntuacións dos cursos 2013-2014 e 2014-2015. Non obstante, a Comisión insta á comunidade académica do Centro a procurar mellores niveles de satisfacción, especialmente suxerindo unha maior comunicación entre representantes do alumnado e coordinadores de curso e de título.
- 2) Non só os estudantes parecen expresar niveles altos de satisfacción cas actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación. O PDI valora con máis de 3 puntos todos os ítems (INF 14), incluídos os relativos a participación crítica e activa dos estudantes nas clases, a actitude de interese dos estudantes cara á materia, o traballo realizado polos estudantes, a coordinación entre materias e niveis do título, así como entre os profesores da materia. Destaca a súa valoración positiva (4 puntos ou máis) dos seguintes ítems: o seu coñecemento do nivel de comprensión do alumnado; a súa satisfacción coa relación creada co alumnado nas clases e titorías; o nivel de coordinación

entre os/as distintos/as profesores/as da materia; e a dispoñibilidade no centro dos recursos necesarios para a docencia.

- 3) En cambio, as valoracións da planificación e desenvolvemento das ensinanzas son inferiores nas enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación (INF 22). Só respecto a dous ítems (a información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación da aprendizaxe, e o desenvolvemento das ensinanzas da titulación) se supera a puntuación de 3. En estes dous ítems e noutros tres (é dicir, en cinco de sete ítems) se supera a media da USC. En catro dos sete ítems as puntuacións superan ás do curso anterior e en outro a puntuación é idéntica á do curso pasado. Os dous únicos ítems en que as puntuacións son inferiores tanto á media da USC como ás puntuacións co curso 2016-2017 son a organización temporal das materias e os horarios da titulación. A puntuación deste último ítem probablemente estea relacionado coa a inclusión no curso 2017-2018 dos venres como día con actividade lectiva: o cambio por si mesmo e a súa implementación, posiblemente mellorable, contribúen a explicar esa puntuación. Todas as puntuacións, menos a relativa á organización temporal das materias do plan de estudos superan o 2.5. Cómpre sinalar que a puntuación no ítem calendario de probas de avaliación pasa dos 1.67 do curso anterior ao 2.89 do curso 2017-2018.
- 4) Nas enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación (INF 23), todos os ítems reciben puntuacións iguais ou superiores a 3, inferiores ás medias das valoracións dos graos da USC. En tres dos ítems, as puntuacións superan as observadas no curso 2016-2017, mentres que se reducen nos outros tres: organización temporal das materias do plan de estudos, horarios da titulación e calendario de probas de avaliación. No relativo a os horarios, vale aquí a reflexión realizada a propósito da valoración por parte dos estudantes.
- 5) Non obstante, un dos problemas non resoltos dun sistema que aspira á avaliación continua dos resultados das actividades formativas e que non compete aos responsables nin do centro nin do título solucionar é a moi elevada ratio de estudantes por profesor. Isto afecta en especial ás clases interactivas, que non se poden desenvolver máis que de xeito moi limitadamente “interactivo”. Os datos son claros:
 - A. O indicador IN30-PS-01 mostra unha tendencia ao aumento da ratio de estudantes por profesor a tempo completo, que se consolida co aumento, aínda que moderado, no curso 2017-2018: pásase de 11.33 a 17.57 entre os cursos 2010-2011 e 2017-2018.
 - B. O indicador IN31-PS-01, que informa da media de alumnos por grupo de teoría (62.75), mostra un lixeiro aumento no curso 2017-2018 respecto do curso anterior. A tendencia ao moi moderado descenso na serie dos seis últimos cursos prodúcese nun rango de variación entre un máximo de 66.45 (curso 2012-2013) e un mínimo de 61.20 (curso 2015-2016). Valórase negativamente a súa distancia, crecentne respecto da existente no curso anterior, á media da USC (53.95).
 - C. O dato da media de alumnos por grupo de docencia interactiva (IN32-PS-01), 34.73, é similar ao do curso 2016-2017, e mantén a tónica de cursos anteriores, aínda sendo o valor máis alto na serie temporal de seis cursos. Cómpre diferenciar os valores do indicador para os grupos de seminario, que se manteñen respecto dos cursos anteriores, e para os grupos de laboratorio, que se reducen notablemente respecto dos dous últimos cursos (pásase de 39.87 a 28.93 desde o curso anterior ao curso 2017-2018). Polo tanto, mantense o exceso respecto do que sería desexable e moi superior ao dato da USC (21.77). Novamente, compre reclamar máis persoal de apoio.

Sendo, en xeral, satisfactorias as valoracións do desenvolvemento do programa de prácticas externas, a diferencias respecto as valoracións medias da USC e o estancamento e mesmo redución dalgunhas puntuacións nos últimos cursos suxire a necesidade de estudar as causas dos descensos de puntuación e adoptar medidas correctoras.

- 1) No que atinxe á satisfacción dos estudantes coas prácticas externas (INF 06), todas as

valoracións que reflicte a enquisa son inferiores ás da media da USC, con puntuacións mínima de 2.83 (duración axeitada das prácticas) e máxima de 4.11 (atención recibida por parte do titor profesional e do persoal da empresa/institución). Só este último ítem recibe unha puntuación superior 4. En cinco dos sete ítems, as puntuacións son inferiores ás do curso 2017-2018 e en todos eles inferiores ás medias da USC. Aumentan as puntuacións relativas á satisfacción das expectativas e á información, orientación e atención prestadas polo titor académico. A duración das prácticas externas tense corrixido para o curso 2017-2018 e sucesivos mediante a modificación do plan de estudos.

- 2) Aínda que, en termos absolutos, as valoracións de satisfacción dos titores externos de prácticas (INF 07) son aceptables, cómpre ter presente que en todos os ítems obtense unha valoración inferior á da media da USC, con valores mínimo de 3.17 (comunicación e coordinación cos coas responsables académicos/as do título) e máximo de 4.50 (cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas). Respecto do curso 2016-2017, rexístrase un aumento das puntuacións recibidas en catro dos seis ítems; só se reducen as puntuacións relativas aos ítems formación inicial de coñecementos teórico prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas, e comunicación e coordinación cos coas responsables académicos/as do título. A pesar diso, non se reduce a distancia das puntuacións do grao respecto ás puntuacións medias de USC, porque estas son superiores que as do curso anterior para todos os ítems. Pese a todo, a Comisión considera elevado o grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado manifestado polos titores/as externos (4.33), que supera en 33 centésimas á do curso anterior. Tamén considera elevado o grao de satisfacción xeral coas prácticas manifestado polos titores/as externos (3.86), que é moi lixeiramente superior ao do curso anterior.
- 3) En tres dos cinco ítems da enquisa de satisfacción dos titores/as académicos/as coas prácticas externas (INF 08), as puntuacións do profesorado son máis baixas que as medias da USC; as excepcións son satisfacción coa comunicación e coordinación coas empresas/institucións ou entidades de prácticas e a satisfacción xeral co desenvolvemento do programa de prácticas externas (información, xestión, coordinación, adecuación,...) coas que se colaborou. Neste último ítem, a puntuación é próxima ao máximo, pero non se alcanza este, que se tiña alcanzado nos tres cursos académicos anteriores. A puntuación de 4.20 que alcanza a satisfacción xeral cos programas de prácticas externas por parte dos titores académicos supón a terceira redución consecutiva, e aconsella valorar a necesidade de modificar aspectos do programa de prácticas (como a súa duración ou a súa obrigatoriedade) a fin de mellorar o seu funcionamento e os niveis de satisfacción dos colectivos implicados no seu desenvolvemento.
- 4) Os información cualitativa recollida a partir da organización de reunións de seguimento entre o coordinador do grao e a coordinadora do cuarto curso cos alumnos matriculados en prácticas, tanto durante o curso 2017-18 como no actual, indican que a duración destas é excesiva. Percíbese, igualmente, a incapacidade do centro para chegar a ofertar prácticas de suficiente calidade dentro dun tecido institucional e empresarial reducido como é o da cidade de Santiago de Compostela. Esta observación é compartida polos titores internos que defenden a necesidade urxente de cambiar o carácter das prácticas de xeito que se oferten como créditos optativos.

Os datos relacionados cos programas de mobilidade suxiren que é necesario deseñar e executar accións que permitan unha mellora substancial.

- 1) A participación de estudantes da titulación en programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN17-PC-08), 5.04%, é o segundo valor máis alto dos últimos seis cursos, e supera o 3.59% do curso anterior, manténdose no rango de valores da serie temporal dispoñible, con valores máximo de 5.69% (curso 2015-2016) e mínimo de 2.48% (curso 2013-2014). É recomendable seguir intensificando as accións de promoción da universidade e do centro entre colaboradores dos programas de mobilidade.
- 2) Os destinos dos estudantes saíntes que participan en programas de mobilidade divídense en

tres grupos. Por unha banda, parte dos estudantes participan no marco de convenios con outras universidades fundamentalmente latinoamericanas. Outro conxunto de estudantes participa no marco do programa SICUE. Finalmente, o resto dos participantes intégranse no programa ERASMUS. Cómpre sinalar que o número de destinos no marco deste último programa parece experimentar unha tendencia descendente, que habería que limitar. A participación dos estudantes por programa se distribuíu do seguinte xeito: Erasmus, 15; Sicue, 8 e convenios bilaterais, 5.

- 3) Os estudantes recibidos pertenceron aos seguintes programas: Erasmus, 20; Sicue, 2 e convenios bilaterais, 17.
- 4) Dispoñer dunha soa resposta (taxa de resposta de 4.55%) sobre a satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade (IN15-PC-08) non permite extraer conclusións que non sexan inxustificadamente aventuradas respecto ao ascenso de 2.46 no curso anterior ao 3.73 do actual, que podería estar influído por múltiples factores idiosincrásicos de carácter tanto persoal como organizativo-institucional. Só en dous ítems a media da USC supera a valoración do estudante da Facultade (que en ambos casos puntuá co mínimo valor da escala): disposición de información previa suficiente en relación co programa por parte da Facultade ou Escola na que estudas (a puntuación pasa de 2 no curso anterior a 1 no curso 2017-2018), e orientación e axuda recibidas por parte do coordinador ou coordinadora de mobilidade na USC (mantense a puntuación do curso anterior). Non se valoran dous ítems, un puntuáse con 4 e os restantes co máximo valor posible. Exceptuando os dous ítems antes indicados e os non puntuados, os valores son superiores aos do curso anterior. Respecto da información que os estudantes reciben previamente á súa participación, a Comisión resalta que se organizan reunións informativas, pero que a asistencia do alumnado é escasa, multiplicando o esforzo que os coordinadores do Centro e o responsable da unidade de xestión deben facer posteriormente para informar individualmente aos alumnos/as. Non obstante, suxírese mellorar a información fornecida ao alumnado intensificando os contactos coas universidades de acollida así como a clarificación, previa á saída, do sistema de recoñecemento a aplicar. A Comisión suxire enviar solicitude á USC dunha táboa de equivalencias actualizada.
- 5) A porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (indicador IN18-PC-08) rexistra un valor (7.86%) que consolida unha tendencia decrecente nos seis últimos cursos: do 19.36% no curso 2012-2013 pásase á porcentaxe indicada, pasando por catro cursos intermedios de relativa estabilidade (entre o 11.59% do curso 2014-2015 e o 9.96% do curso 2016-2017).

No que atinxe á satisfacción dos estudantes entrantes (INF 05), é moi satisfactoria a elevada porcentaxe de estudantes que recomendaría a experiencia (100%), que supera tanto a porcentaxe do curso anterior como a porcentaxe da USC. O grao de satisfacción xeral có programa de mobilidade (4.5) é lixeiramente máis alto entre os estudantes entrantes no centro que entre os entrantes na USC en xeral, e superior en dúas centésimas á puntuación do curso anterior.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os mecanismos de coordinación docente estrutúranse de xeito similar aos sistemas de outras facultades. A natureza mesma das posicións ocupadas polos profesores no sistema xera dificultades non sempre fáciles de resolver, dado que as accións de mellora dependen da vontade de actores moi celosos da súa liberdade de cátedra e os coordinadores carecen de capacidades de decisión, xestión, control e sanción. Non obstante, tanto o sistema de coordinadores de curso e de prácticas externas como as comisións delegadas da Xunta de Facultade permiten detectar e tratar de corrixir os baleiros e duplicidades. Así se pode inferir, ademais, da valoración tanto dos estudantes como dos profesores e titores académicos e externos de prácticas:

- 1) Os estudantes valoran con 3.27 a coordinación entre os profesores da materia (INF 13), apuntando unha tendencia de declive das puntuacións. A impartición de novas materias de cuarto curso por un grupo de ata sete profesores e de outras materias do grao por ata catro profesores do mesmo grupo probablemente teña relación co descenso da puntuación. Esa práctica contravén os criterios do SXOPRA (por outra parte, necesitados de xustificación), pero a universidade non pon medio ningún a disposición dos coordinadores ou dos equipos decanais para aplicar a súa recomendación. Aínda que a valoración aínda é relativamente satisfactoria, é preciso intensificar o esforzo, tendo en conta que, con frecuencia, a escaseza de persoal docente implica un grao inevitable de rotación entre os profesores por materias que dificulta o éxito de tales esforzos.
- 2) Os profesores consideran que a coordinación é bastante eficaz (INF 14): valoran con 3.73 a adecuación da coordinación entre materias e niveis do título e con 4.45 a efectividade da coordinación entre os profesores dunha materia. Ademais, ambos valores son os máximos dos cinco últimos cursos. No caso da coordinación intra-materia, o contraste entre as valoracións dos estudantes e dos profesores require unha explicación que non se está en condicións de aportar en ausencia dos datos relevantes.
- 3) Poden tomarse como indicadores do funcionamento dos mecanismos de coordinación das prácticas externas a valoración polos estudantes participantes (INF 06) tanto da adecuación da atención recibida por parte do/a titor/a profesional e do persoal da empresa/institución (4.11) como da adecuación da información, orientación e atención prestada por parte do/a titor/a académico da Universidade (3.72). Aínda que se trata de valores aceptables, ambos están por debaixo da media para a USC; o primeiro é inferior ao do curso anterior (aínda que é o segundo máis alto da serie de catro cursos), mentres que o segundo supera a puntuación do curso anterior.
- 4) Os titores externos de prácticas expresan un grao de satisfacción xeral relativo á comunicación e coordinación cos/coas responsables académicos/as do título moderado (3.17), aínda que por debaixo da media para a USC e, por 16 centésimas, á puntuación do curso 2016-2017 (INF 07).
- 5) Máis elevado é o grao de satisfacción coa comunicación e coordinación coas empresas/institucións ou entidades de prácticas (4.25) expresado polos titores académicos (INF 08), que é máis alto que a media para a USC, aínda que a distancia redúcese respecto do curso anterior, dado que a puntuación baixa para a titulación e aumenta para a USC.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A primeira faceta do perfil de ingreso que hai que considerar é o nivel académico pre-universitario dos estudantes. Os tres indicadores manexados rexistran valores aceptables:

- 1) O paso da nota media de acceso por preinscrición (indicador IN06-PC-05) de 7 no curso 2011-2012 a 7.32 no curso 2016-2017 e a 8.10 no curso 2017-2018 describe unha tendencia moderadamente alcista (coa excepción do curso 2013-2014) que alcanza o seu máximo valor precisamente no último curso e implica, polo tanto, unha leve mellora no perfil cognitivo dos estudantes matriculados no primeiro curso da titulación.
- 2) A mesma mellora leve do perfil cognitivo dos matriculados no primeiro curso da titulación revela a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación cunha puntuación igual ou superior a 6. No curso 2017-2018, este indicador (IN07-PC-05) alcanza o valor máis alto da serie de seis cursos, cun 89.68%, rematando unha tendencia moderadamente alcista (en torno a 12 puntos porcentuais entre os cursos 2102-2013 e 2017-2018) que se interrompe nos cursos 2013-2014 e 2014-2015.
- 3) Os profesores estiman que o nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia (INF 14), dándolle unha puntuación de 3.32, o valor máis alto dos últimos cinco cursos.

A enquisa sobre elección de carreira e expectativas dos estudantes de novo ingreso, realizada no centro o primeiro día de curso, antes de empezar o acto de presentación e as clases, encargada pola Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais e financiada no marco das accións de calidade 2017 (Área de Calidade, Vicerreitoría de Coordinación e Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela), achega algúns resultados interesantes que fan dubidar sobre o grao de adecuación do perfil dos estudantes de novo ingreso.

- 1) En primeiro lugar, un 76.30% dos estudantes que responden elixen o grao en primeira opción.
- 2) Un dato preocupante é o motivo aducido para elixir o grao en ciencia política e da administración: un 54.90% indica interese/vocación no ámbito da política e só un 26.50% indica interese polos coñecementos/materia da carreira. Non é sinxelo interpretar o dato, pero apunta ao risco de que entre os estudantes haxa unha proporción alta de aspirantes a político fronte a unha baixa proporción de aspirantes a politólogo. Hai que ter en conta que a titulación forma politólogos, non políticos.
- 3) Un 61.00% das mencións dos estudantes indican que esperan que no título se adquiren coñecementos que efectivamente son propios da carreira: coñecementos sociopolíticos, sobre administracións públicas, economía, dereito, e relacións internacionais.
- 4) En relación có comentado no punto 2), só un 11.20% dos estudantes considera que a carreira pode formar para ser político (consultoría, enquisas...) e só un 1.80% considera que ese sexa o seu traballo desexado. Ademais, o 13.90% creen que se pode adquirir no grao formación para ser analista ou asesor político e para ser investigador ou docente, traballo que desexan só o 9.70% dos estudantes. En cambio, un 19.80% considera que a titulación pode formar para exercer un cargo de carácter político (partido, sindicato...), e un 20.20% desexa esa clase de traballo. Un 27.30% considera que a titulación forma para un posto na administración pública, e un 14.90% considera ese o seu traballo desexado. Probablemente, estas percepcións implican certo desaxuste entre o perfil dos estudantes que ingresan na carreira e o perfil axeitado aos contidos e obxectivos do grao en ciencia política e da administración.
- 5) O descoñecemento sobre que e un politólogo tamén pode contribuír a xerar dúbidas sobre o perfil dos estudantes de novo ingreso: un 28.70% considera que é un “experto político (en xeral)”, e ate un 6.09% que é alguén que exerce/participa/ se adica á política. Apuntan nunha dirección adecuada o 17.80% que indican que é un analista/experto na situación/actores políticos e o 9.90% que indican que é un ensinante/investigador/difusor do entendemento da política e do comportamento político.

Por último, nas reunións da varias comisións delegadas da xunta de facultade, maniféstase reiteradamente a impresión de varios profesores de que prevalece na sociedade unha confusión do carácter de ciencia política e da administración, que parece ser considerada parte das humanidades e non das ciencias sociais. Iso revélase na falta de coñecementos matemáticos entre os estudantes, nas súas dificultades de manexo de software de calquera clase e na súa renuencia ás materias de métodos ou de estatística, que son imprescindibles hoxe en día para a formación como politólogo.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas,...) desenvólvense segundo o establecido nelas. De calquera modo, os órganos de dirección e coordinación de centro carecen de capacidade de influencia sobre a normativa aplicable. Non obstante, a tendencia crecente á hipertrofia da burocracia e a confusión do labor docente cunha cadea de montaxe, consecuencia, probablemente, de lecturas tan obsoletas como mal asimiladas e de prácticas de homoxeneización institucional carentes de soporte empírico algún, contribúen a erradicar a creatividade, a innovación docente (salvo na pouco innovadora modalidade da participación en cursos que nada permiten innovar), a flexibilidade necesaria para axustar contidos a toda clase de continxencias, a multidisciplinariedade, a transmisión de contidos complexos, a organización dos grupos de xeito eficiente, a programación racional das clases interactivas en función dos contidos das clases expositivas... e converten a docencia nunha tarefa de suministro de píldoras informativas destinadas a xerar masas acrílicas e “benpensantes” de estudantes que podan suministrar as puntuacións adecuadas nos sistemas de indicadores como os empregados neste informe.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As diferentes enquisas e indicadores suxiren que é necesario reflexionar sobre os mecanismos de información e transparencia. Detéctase que os constantes esforzos dos responsables do centro e do título, así como do persoal administrativo de apoio, por informar á parte comunidade universitaria que estuda ou traballa no centro non son tan eficaces e eficientes como se desexa.

- 1) No que atinxe á puntuación alcanzada (2.65) nas enquisas de satisfacción dos egresados/as coa información recibida (IN23-PC-12), o valor de 2.88 (o segundo máis alto da serie) racha a tendencia decrecente dos tres valores consecutivos anteriores. Considérase unha valoración relativamente baixa, que obriga a difundir entre os egresados/as os medios informativos cos que conta o Centro e fornece a USC. Especialmente, porque durante 2016 activáronse contas en Twitter e Facebook coas que se está a difundir información entre alumnos/s e egresados/as, así como a creación dun grupo na rede LinkedIn con orientación ao alumnado egresado.
- 2) Nas enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación (INF 22) as puntuacións son non satisfactorias respecto á información e orientación recibida na titulación (2.50, por debaixo da media da USC), á información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación da aprendizaxe (3.33, por encima da media da USC) e á información pública dispoñible sobre a titulación (2.76, por debaixo da media da USC). Non obstante, as puntuacións dos tres ítems superan as puntuación obtidas no curso 2017-2018.
- 3) A información pública dispoñible sobre a titulación considérase aceptable por parte dos profesores que respontan á enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (INF 23), que puntúan o ítem con 3.71, por debaixo da media para a USC, pero case medio punto por encima do curso anterior.
- 4) A adecuación da información, orientación e atención prestada por parte do titor académico da Universidade puntúase con 3.72, o segundo valor máis alto dos últimos catro cursos, superando a puntuación do curso anterior, pero por debaixo da da USC, no Informe da enquisa de satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas (INF 06).
- 5) Entre os mecanismos de información utilizados para escoller o Centro polos estudantes entrantes en programas de mobilidade (INF 05), en dous ítems (Folletos, e Feiras e outros eventos para estudantes) non se puntúa; para os demais, as puntuacións superan tanto ás puntuacións globais como as puntuacións do curso 2016-2017, con valores de 50% e 75%. A dificultade para acceder na páxina web da USC á información sobre os estudos e a información práctica sobre os Campus de Lugo ou de Santiago é menor que no conxunto da USC (puntuacións máis altas, asignadas polos estudantes entrantes no centro, indican máis facilidade); para o primeiro ítem, a dificultade e lixeiramente superior á do curso 2016-2017 e para o segundo, lixeiramente menor. É superior a porcentaxe de estudantes

entrantes no centro que a de entrantes na USC que tiñan información previa sobre o sistema de avaliación de estudos, que, ademáis, pasa do 0.0% do curso anterior ao 50.0%. Para todos os demais ítems, as porcentaxes do centro son inferiores ás porcentaxes da USC. Aparte da mellora mencionada, só mellora tamén a porcentaxe de estudantes informados previamente sobre o aloxamento. Cómpre, polo tanto, mellorar o sistema de información para os estudantes entrantes, a fin de facilitar a súa integración socio-cultural e a súa participación nas actividades docentes sen ter que dedicar tempo e enerxía a resolver outro tipo de dificultades.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Aínda que existen canles suficientes para recoller e analizar información, os mecanismos institucionais non funcionan como sería desexable, debido ás reducidísimas taxas de resposta ás enquisas por parte de todos os colectivos dos que se solicitan valoracións das dimensións pertinentes.

Coa vontade de remediar esas carencias, o título ten realizado varias enquisas, algunhas financiadas pola Área de Calidade da USC, para recabar información: un informe de inserción laboral, unha enquisa a egresados no marco do proxecto de reforma do plan e estudos e tres enquisas (cursos 2016-2017, 2017-2018 e 2018-2019) sobre elección de carreira e expectativas do alumnado de novo ingreso.

Seguidamente, coméntanse os indicadores pertinentes.

- 1) As canles para realizar queixas, suxestións e /ou parabéns por parte dos estudantes non son suficientes, segundo a puntuación (2.35, dúas centésimas superior á do curso anterior), lixeiramente inferior á puntuación media para a USC, que lle dan os estudantes ao ítem na enquisade satisfacción do alumnado coa titulación (INF 22).
- 2) As canles para realizar queixas, suxestións e /ou parabéns por parte dos profesores e as vías de participación na mellora da calidade da titulación son satisfactorias, segundo as súas respostas á enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (INF 23), que rexistran puntuacións medias (respectivamente, 3.71, 27 centésimas superior á do curso anterior; e 3.64, 31 centésimas superior á do curso anterior) lixeiramente superiores á media para USC.
- 3) A Comisión considera moi insuficiente a taxa de resposta (4.55%), que representa un descenso respecto da xa moi baixa taxa do curso anterior (7.14%, un descenso moi acusado respecto ao 30.77% do curso 2015-2016), senón tamén a un só estudante, á enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes en programas de mobilidade (INF 04 e IN15-PC-08). Insta ao Centro a facer maiores esforzos para difundir entre o alumnado participante en programas de mobilidade a necesidade de participar na enquisa. Tendo eso en conta, canto se comenta seguidamente carece de valor algún para medir absolutamente nada. As valoracións que fai o estudante son superiores (puntuacións cos máximos posibles) ás medias da USC no que atinxe á información previa suficiente en relación co programa por parte dos diversos órganos competentes, menos a facultade,

que recibe a mínima puntuación posible. Respecto da información que os estudantes reciben previamente á súa participación, a Comisión resalta que se organizan reunións informativas, pero que a asistencia do alumnado é escasa, multiplicando o esforzo que os coordinadores do Centro e o responsable da unidade de xestión deben facer posteriormente para informar individualmente aos alumnos/as. Non obstante, suxírese mellorar a información fornecida ao alumnado intensificando os contactos coas universidades de acollida, así como a clarificación, previa á saída, do sistema de recoñecemento a aplicar.

- 4) A Comisión considera insuficiente a taxa de resposta (14.45%) á enquisa de satisfacción dos estudantes entrantes de programas de mobilidade (INF 05), dos que só responden 4 individuos (unha notable redución respecto da taxa do 20.8% e 7 individuos do curso 2016-2017). Insta ao Centro a facer maiores esforzos para difundir entre o alumnado entrante de programas de mobilidade a necesidade de participar na enquisa.
- 5) A taxa de resposta á enquisa de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas (INF 06), aínda que é moi baixa, dado que só responden o 27.27% dos estudantes (18) supera en máis de 10 puntos a taxa do curso anterior e é a máis alta dos catro últimos cursos. A Comisión considera insuficiente a taxa de resposta. Insta ao Centro a facer maiores esforzos para difundir entre o alumnado a necesidade de participar na enquisa.
- 5) A taxa de resposta (32.43% e un total de 12 individuos) á enquisa de satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas (INF 07) é superior en 6.9 puntos porcentuais á do curso pasado. A Comisión considera insuficiente a taxa de resposta. Aínda que o Centro dispón dos seus propios sistemas para recoller datos sobre a valoración que fan os titores externos, a Comisión insta ao Centro a difundir entre os titores externos a necesidade de participar na enquisa organizada polos servizos de calidade.
- 6) A Comisión considera unha mellora que a taxa de resposta (75%) á enquisa de satisfacción dos titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas (INF 08) supere á do curso anterior aínda que sería desexable que responderan todos os titores. A Comisión solicita aos titores académicos que participen na enquisa organizada polos servizos de calidade e que, en todo caso, manteñan polo menos unha xuntanza anual coa coordinadora de 4º curso para facer balance do programa.
- 7) A Comisión considera insuficiente a taxa de resposta á enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF 13) (31.03%), aínda que supera en máis de oito puntos á do curso 2016-2017 e é o valor máis alto rexistrado na serie dos últimos cinco cursos. A Comisión insta ao Centro a facer maiores esforzos para difundir entre o alumnado a necesidade de participar na enquisa.
- 8) A Comisión considera insuficiente a taxa de resposta á enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF 14) (48.57%), aínda que sexa a taxa máis alta dos últimos cinco cursos e implique o terceiro incremento consecutivo (de cerca de 8 puntos entre o curso pasado e o actual). A Comisión insta ao Centro a facer maiores esforzos para difundir entre o profesorado a necesidade de participar na enquisa.
- 9) A Comisión tamén considera insatisfactorias as taxas de resposta ás enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación (INF 22), un 8.07% (18 estudantes), e de satisfacción do profesorado coa titulación (INF 23), 35.00% (14 profesores). Non obstante, esas taxas supoñen incrementos moderados respecto das puntuacións do curso anterior (que eran 4.09% e 27.27%, respectivamente).

Os procedementos para a recollida e análise da información permiten, basicamente, a avaliación continua da calidade do ensino. Sen embargo, a información relativa a algúns indicadores, é insuficiente, en especial, sobre inserción laboral dos egresados.

Igualmente, a Comisión insiste un curso máis en solicitar que os procesos de seguimento non teñan carácter anual. Considérase innecesario o sometemento dos títulos a un seguimento tan frecuente, tendo en conta a elevada mecanización, regulamentación e rutina estrita da meirande cantidade de procedementos desenvolvidos polos Centros.

O procedemento de recollida de queixas e reclamacións operou correctamente dando resposta a todas as formulacións recibidas dentro dos prazos que determina a normativa e tendo en conta a esixencia de dispoñer da información necesaria para resolver con garantías cada demanda.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O proceso de formulación de accións de mellora contribúe eficazmente a planificar a xestión da calidade dentro do programa.

Boa parte das accións de calidade propostas foron executadas. Sen embargo, por mor da escaseza de financiamento nalgúns casos ou de sobrecarga de tarefas dos correspondentes responsables, seguen pendentes actividades claves para o bo desenvolvemento do sistema de calidade.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os procesos de xestión do Centro seguen as directrices do SGC. Os actores concernidos en cada un dos órganos responsables desenvolven axeitadamente e coordinadamente as súas responsabilidades. Non obstante a Comisión de Calidade do Centro ten pendente a adaptación do SGC ás últimas directrices recibidas da Área de calidade da universidade (redeseño de procesos institucionais / de Centro).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tráballo Fin de Grao ou Tráballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

CUALIFICACIÓN

- 1) Con información extraída da Base de datos de recursos humanos (PDI), actualizada a 01/07/2018, e da Base de datos do Plan de Ordenación Docente, actualizada a 03/09/2018, pode concluírse que o nivel de cualificación dos profesores do grao é alto: o 82.50% dos 30 profesores é doutor; sete profesores (catro contratados interinos e tres contratados pre-doutorais) carecen do título de doutor. Por categoría profesional, tamén hai un elevado nivel de cualificación: os catedráticos de universidade (7.50%), profesores titulares de universidade (47.50%) e profesores contratados doutores (20.00%), todas figuras docentes con vinculación permanente e dedicación a tempo completo, suman o 83.00% do profesorado da titulación, e asumen o 82.77% das horas de docencia. A experiencia docente é moi alta: o promedio de quinquenios alcanza o valor de 4.03. Finalmente, a experiencia investigadora, moi diversa entre as áreas de coñecemento da USC, non é moi distinta da de moitos centros: 1.6 sexenios en promedio. No primeiro curso do grao, impartiron clase un catedrático de universidade, dez profesores titulares de universidade, dous profesores contratados doutores, dous axudantes doutores, tres contratados interinos de substitución T3, un contratado interino por vacante, tres contratados predoutorais e un profesor asociado LOU. A media de quinquenios e a media de sexenios son similares ás da titulación en xeral: 3.3 e 1.2, respectivamente.
- 2) Por parte dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (INF 05), o nivel e atención do profesorado recibe unha puntuación superior entre os estudantes entrantes no centro (4,25, 25 centésimas superior á do curso anterior) que entre os entrantes na USC en xeral (3.76). Que as puntuacións queden por debaixo do valor medio da escala tanto no centro como na USC dende o curso 2014-2015 permite relativizar a insatisfacción, dado que factores de alcance máis xeral parecen poder dar conta das valoracións.
- 3) O grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46-S01-PM-01), 3.74,

descende 11 centésimas, ate valores do curso 2014-2015. Non pode sobrevalorarse ese descenso, tendo en conta o rango de variación das puntuacións nos últimos seis cursos (3.65, no curso 2012-2013, e 3.85, no curso 2016-2017). A Comisión aprecia positivamente que todos os ítems da enquisa de satisfacción do alumnado (INF 13) rolden ou superen os 3,5 puntos (só o ítem relativo á coordinación entre profesores dunha mesma materia queda por debaixo, cunha puntuación de 3.27) e que tres igualan ou superan o 4: "Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente", "Cumpre co programa e o plan de traballo previsto", "Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)". Todos estes datos son indicios satisfactorios da cualificación dos docentes percibida polos estudantes. A Comisión insta á comunidade académica do Centro a procurar mellores niveles de satisfacción, especialmente suxerindo unha maior comunicación entre representantes do alumnado e coordinadores de curso e de título.

SUFICIENCIA

O problema da falta de persoal docente non é responsabilidade dos órganos de dirección do centro nin dos órganos de coordinación do grao. Cómpre só sinalar que os datos avalan a petición de aumento de persoal docente nas áreas con docencia no grao.

- 4) O indicador IN31-PS-01, que informa da media de alumnos por grupo de teoría (62.75) sitúase entre os máximo e mínimo valores dos últimos seis cursos (61.20 no curso 2015-2016, e 66.45 no curso 2012-2013). Valórase negativamente, tendo en conta que se distancia cada vez máis da media da USC (53.95).
- 5) O dato da media de alumnos por grupo de docencia interactiva (IN32-PS-01), 34.73 mantén a tónica dos cinco cursos previos (34.25; 32.07; 33.58; 32.99; 3.72), bastante elevada respecto do que sería desexable e moi superior ao dato da USC (21.77). Novamente, cómpre reclamar máis persoal de apoio.

FORMACIÓN

- 6) Segundo o INF 14, un 16% do PDI enquisado manifesta estar interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías aplicadas á docencia e un 14% en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico xeral. Aínda que a demanda é baixa, cómpre sinalar que non se pode saber, só con nese dato, se as causas están relacionadas con factores de demanda ou con factores de oferta.
- 7) A taxa de participación dos profesores do título en actividades formativas (I6-17) é moderadamente baixa (30.00%), aínda que o valor do curso 2017-2018 é o máis alto da serie temporal de seis cursos e supón un gran aumento respecto da taxa de participación do curso anterior (12.12%). Como son ignoradas ás causas da escasa participación, a Comisión suxire elaborar un estudo sobre a baixa participación do PDI en programas de formación continua elaborando unha enquisa e complementando a información obtida cos datos de solicitudes de licenza que obran no Centro. O estudo permitiría detectar a participación do profesorado en programas de formación continua non ofertados pola USC.

MOBILIDADE

É moi baixa a porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade (5.00%). Esa taxa non só e inferior ao do curso anterior (9.09%), xa que representa, ademais, a puntuación máis baixa da serie temporal dos seis últimos cursos, moi por debaixo do 18.18% de 2011-2012. É necesario coñecer que razóns ou motivos teñen os profesores para non participar nos programas a fin de estimulala.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta

con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tendo en conta que cada vez se traspasan máis funcións aos centros, sobre todo as de trato directo co alumnado, sería interesante aumentar o persoal e suprimir seccións “intermedias” como as UXAs por Campus.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As percepción subxectivas dos colectivos que valoran os recursos parecen xustificar a adecuación. Non obstante, os valores das puntuacións suxiren que queda unha ampla marxe de mellora.

- 1) Na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF 13), os estudantes dan unha puntuación satisfactoria (3.61, sete centésimas por debaixo da puntuación co curso anterior, aínda que é a segunda máis alta da serie temporal de seis cursos), pero necesitada de mellora, ao reforzo da comprensión da materia cos recursos didácticos empregados, entre os que se inclúen recursos materiais (soportes multimedia, aula virtual, TICs, encerado, fotocopias, materiais de laboratorio,...).
- 2) A satisfacción do alumnado que resposta á enquisa sobre satisfacción do alumnado coa titulación (INF 22) puntúa con valores iguais ou superiores a 3 tres das facetas dos recursos materiais: as aulas e o seu equipamento (3.33, superior á media da USC, aínda que é inferior ao valor do curso anterior), os laboratorios, as aulas de informática, os

obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento (3.33, puntuación superior á do curso anterior e á media na USC), a dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación (3.44, 44 centésimas por encima da puntuación do curso anterior, pero inferior á media da USC) e as plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia (3.61, superior tanto á puntuación do curso anterior como á media na USC). É inferior a 3, igual que ocorre coa media da USC, a puntuación atribuída aos espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudo, aulas de informática,...) (2.41, puntuación inferior á do curso anterior). Reunións do equipo de coordinación do grao cos estudantes dos catro cursos revelan que o aumento do número de tales espazos é una reclamación xeneralizada e continua curso a curso.

- 3) A satisfacción do alumnado que resposta á enquisa sobre satisfacción do alumnado coa titulación (INF 22) puntúa bastante baixo a orientación ao alumnado: a información e orientación recibida na titulación con 2.50 (valor superior ao do curso pasado) e a orientación profesional e laboral con 2.17, valor inferior ao do curso anterior e lixeiramente por debaixo da media da USC. Só pasa de 2.5 a atención ao alumnado con necesidades especiais (2.67), valor lixeiramente superior ao do curso pasado, pero dúas décimas inferior ao da media da USC.
- 4) Na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF 14), supérase a puntuación de 3.5 nos ítems pertinentes: o axeitamento do material e servizos de apoio á docencia existentes na universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo...) para o desenvolvemento da materia e a dispoñibilidade no centro dos recursos (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios...) necesarios para a docencia (3.79 e 4.06, respectivamente); non obstante, ambos valores son inferiores aos do curso anterior.
- 5) A valoración polos profesores dos recursos materiais na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (INF 23) é satisfactoria: os 5 ítems reciben puntuacións superiores a 3.5. As aulas e o seu equipamento (4.21), os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento (3.83) e os espazos destinados ao traballo autónomo do alumnado (salas de estudos, aulas de informática,...) (3.67) e a dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación (4.08) reciben puntuacións que superan (o primeiro e o segundo ítems) ou apenas se diferencian das puntuación medias da USC. En cambio, as plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia, que na USC ten unha media superior a 4, non pasa do 3.64 na titulación. Só respecto a este ítem se reduce a puntuación do curso anterior; as puntuacións dos ítems 1, 2 e 4 superan ás do curso anterior e a do ítem 3 mantense igual.
- 6) A valoración polos profesores da orientación ao alumnado na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (INF 23), aínda que rexistra puntuación superiores a 3 nos tres ítems, mellora a valoración do curso anterior e é, polo tanto, moderadamente satisfactoria, é lixeiramente inferior á valoración media da USC: accións de orientación ao alumnado da titulación (3.62), orientación profesional e laboral ao alumnado da titulación (3.38) e difusión das actividades extracurriculares entre o alumnado (información das actividades culturais, deportivas, sociais...) (3.50).
- 7) A información, orientación e atención prestada por parte dos titores académicos da Universidade (INF 6) aos estudantes participantes en prácticas externas recibe unha puntuación satisfactoria por parte dos estudantes (3.72, superior á do curso anterior e o segundo valor máis alto dos últimos catro cursos), pero inferior á puntuación media para a USC.
- 8) Entre os estudantes entrantes en programas de mobilidade (INF 05), respecto das instalacións e servizos, os tres ítems (infraestruturas en xeral, acceso a bibliotecas e material de estudo, acceso a PC's e servizos de e-mail) rexistran puntuacións superiores a 4 e lixeiramente superiores ás medias na USC en xeral.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados son, en xeral, satisfactorios. Non obstante, hai un desequilibrio moi notable entre os resultados do primeiro curso e, algo menos, do segundo curso e os resultados de terceiro e cuarto. Probablemente, o perfil de ingreso dos estudantes teña como consecuencia que o primeiro curso, no que se presentan materias como Métodos en Ciencia Política, Estatística para as Ciencias Sociais ou Economía Política I, desempeñe a función de filtro que deberían realizar outros instrumentos previos á matrícula.

- 1) Considerando a avaliación xeral de todas as materias do título, a distribución por notas é a seguinte: suspenso (13.8%); aprobado (35.52%); notable (24.8%); sobresaínte (7.6%); matrícula de honra (2.0%); non presentados (15.2%); e renuncia (1.1%). As proporcións son moi similares nos cinco anteriores anos académicos. No que atinxe ás porcentaxes nos catro cursos dun mesmo ano académico, os datos sintetízanse como segue.

A porcentaxe de suspensos é, en xeral, baixa e tende a reducirse canto máis alto é o curso: do 19.2% en primeiro e 16.4% en segundo, pásase ao 6.6% de terceiro e ao 1.2% de cuarto.

A porcentaxe de aprobados ascende entre os dous primeiros cursos (36.2% e 40.2%), pero redúcese notablemente en terceiro (32.6%) e representa en torno a unha cuarta parte das cualificacións (24.8%) no cuarto curso.

A porcentaxe de notables ascende progresivamente entre primeiro e terceiro (a secuencia é 15.6%, 22.5% e 38.2%), manténdose nese nivel en cuarto curso (36.1%). Esta semellanza de notas racha coa tendencia que se reproducía dende o curso 2013-2014 ate o 2016-2017, e aseméllase á situación dos cursos 2011-2012-2012-2013, bos que entre terceiro e cuarto non había diferencias importantes.

Unha tendencia á alza moi acusada canto máis alto é o curso, tal como nos cinco cursos anteriores, apréciase na porcentaxe de sobresaíntes; basta con reproducir a secuencia entre primeiro e cuarto: 3.9%, 5.1%, 11.2%, 21.7%.

A porcentaxe de matrículas de honra non cambia moito entre os dous primeiros cursos: 1.6% en primeiro, 1.7% en segundo; pero baixa notablemente en terceiro e cuarto, donde os valores no pasan de 0.3% e 0.2%, respectivamente. En anos académicos anteriores, a porcentaxe máis alta de matrículas de honra rexístrase en terceiro, mentres en 2016-2017, rexístrase en segundo.

Detéctase una tendencia á redución da porcentaxe de non presentados entre o primeiro curso e o terceiro curso, tanto no ano académico 2017-2018 como nos cinco anteriores: en 2017-2018, a secuencia de valores é o 22.5% en primeiro, o 13.4% en segundo, o 8.0% en terceiro e o 8.9% en cuarto. No paso de terceiro a cuarto aumenta (aínda que

moi lixeiramente) o número de non presentados, tendencia que se rexistra desde o curso 2013-2014, mentres que nos dous anos académicos anteriores, a tendencia á redución da porcentaxe de non presentados mantíñase entre terceiro e cuarto.

Cómpre mencionar que no curso 2017-2018 redúcese a niveis máis aceptables a porcentaxe de renuncias en cuarto curso, pois no pasa do 5.1%. Trátase dun descenso considerable respecto do curso 2016-2017, no que se rexistrou un ascenso considerable de renuncias en cuarto curso, vinculadas ao TFG: do 2.24% no curso 2015-2016 pasouse ao 13% en 2016-2017. Non obstante, no curso 2017-2018 tamén todas as renuncias afectan á presentación do TFG.

Contemplados os datos desde a perspectiva da traxectoria dos estudantes, a nivel de cohorte de entrada, a tendencia detectada no plano transversal (os catro cursos nun mesmo ano académico) reproducíase no plano lonxitudinal partindo do curso 2011-2012: as porcentaxes de suspensos e aprobados tenden a reducirse e as porcentaxes de notables e sobresaíntes tenden a aumentar a medida que a mesma promoción ou cohorte ascende de curso.

En suma, o primeiro curso mostra os resultados máis baixos da carreira, circunstancia á que se engade a da porcentaxe máis elevada de non presentados. O alumnado progresa entre segundo e terceiro cara a notas máis elevadas, alcanzando as valoracións máis altas en terceiro. Os datos relativos aos sobresaíntes varían á alza significativamente no cuarto curso (aínda que menos que en cursos anteriores) por efecto da avaliación das prácticas externas, nas que esa cualificación é obtida polo 72.7% dos estudantes, aínda que este valor sexa o mínimo dos últimos cinco cursos. 2016-2017 é o primeiro curso, dende 2012-2013 en que hai algún aprobado; en 2017-2018, consolídase a presenza deste resultado, cun valor de 4.5%. Se se teñen en conta só os resultados de TFG en cuarto, o perfil de notas rexistra variacións non sistemáticas das puntuacións alcanzadas (suspense, 1.2%, moi similar; aprobado, 27.8%, algo maior; notable, 18.3%, moi inferior; sobresaínte, 6.1%, moi inferior; matrícula de honra, 4.3%, que duplica). Tamén no TFG, aumenta notablemente a porcentaxe de renuncias (18.3%). A Comisión insta a facer un estudo sobre o rendemento do alumnado en primeiro curso e introducir as medidas que permitan mellorar os resultados sen menoscabo no nivel esixible para acadar as competencias establecidas. Igualmente, suxírese examinar a través dos coordinadores de curso a relación entre resultados acadados e competencias adquiridas nos cursos sucesivos.

- 2) A puntuación recibida (3.63) na enquisa de satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas (IN19-PC-09) mantense, non obstante a leve caída, na liña de cursos anteriores (3.76; 3.51; 3.75). Tratándose dun programa esencial para o Grao – polo carácter obrigatorio das prácticas e a organización que a súa oferta e o seu seguimento requiren- a puntuación pode considerarse aceptable. Todas as valoracións que reflicte a enquisa (INF 06) son inferiores ás da media da USC, con puntuacións mínima de 2.83 (duración axeitada das prácticas) e máxima de 4.11 (atención recibida por parte do titor profesional e do persoal da empresa/institución). Ademais, respecto do curso 2016-2017, as puntuacións só aumentan para dous dos ítems, reducíndose as dos outros cinco. A excesiva duración das prácticas é un dos elementos que menos satisfán aos estudantes, segundo se revela nas reunións do equipo de coordinación cos participantes nas prácticas externas. A información da que dispón o centro sobre as prácticas externas aconsella emprender unha reforma do título tanto para que as prácticas pasen a ter a condición de optativas como para reducir a súa duración.
- 3) A Comisión considera elevado o grao de satisfacción xeral coas prácticas manifestado polos titores/as externos (4.33) (INF 07), que rexistra a puntuación máis alta da serie temporal dos catro últimos cursos. En todos os ítems, obtense unha valoración inferior á da media da USC. A formación inicial de coñecementos teórico prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas é puntuada con 3.42 (levemente inferior á puntuación do curso 2017-2017) e a formación inicial de competencias profesionais do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas con 3.50 (o que supón un lixeiro aumento respecto á puntuación do curso 2016-2017).

- 4) A Comisión considera que a puntuación (4.2) conseguida nas enquisas de satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas (IN21-PC-09) mantén o nivel alto de anos precedentes, non obstante a aparente tendencia á baixa respecto dos dous cursos precedentes (4.8; 4.6; 4.5). O grao de adecuación das tarefas realizadas polo alumnado en relación coas competencias profesionais da titulación (INF 08) recibe unha puntuación alta (3.75), aínda que inferior á media da USC a ás puntuacións (sempre 4) dos tres cursos precedentes.
- 5) O grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (IN42-S01-PM-01), 3.26, é aceptable, lixeiramente superior ao dos dous cursos anteriores (3.14 e 2.93) e o segundo máis alto da serie temporal dos seis últimos cursos. Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación (INF 22), puntúanse as competencias adquiridas con 3.33, valor superior tanto ao do curso anterior como ao da media da USC.
- 6) As competencias adquiridas polo alumnado son puntuadas con 3.36 e a adecuación das competencias do título co desenvolvemento profesional do alumnado con 3.54 polos profesores na enquisas de satisfacción do profesorado coa titulación (INF 23). Ambos valores son inferiores aos das correspondentes valoración medias da USC, pero superan nas puntuacións do curso 2016-2017.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

DEMANDA

A demanda da formación fornecida polo título mantense nos niveis dos cursos pasados e é satisfactoria segundo os valores da maioría dos indicadores. A excepción é a captación de estudantes de fora de Galicia (do resto de España e de fora de España), respecto á que sería conveniente analizar ás causas dos baixos valores dos indicadores.

- 1) Ao longo da serie temporal dos seis últimos cursos, e debido á evolución mostrada polos indicadores nos que se basea esta reflexión, non se tivo que reducir o número de prazas ofertadas, que se mantén en 125 (indicador IN01-PC-05).
- 2) A matrícula de novo ingreso por preinscripción amosa unha relativa volatilidade que permite matizar a afirmación dunha aparente tendencia ao crecemento nunha serie temporal corta (só seis cursos consecutivos). Os 130 novos matriculados no primeiro curso (indicador IN04-PC-05) supoñen un incremento dun 3.17% (indicador IN05-PC-05) respecto dos 126 estudantes matriculados no primeiro curso da titulación no ano académico 2016-2017, retornando aos 130 estudantes matriculados no curso 2015-2016. En resúmen, o número de novos matriculados (130) é parte dunha evolución con altos e baixos (salvo no curso

- 2013-2014) por encima do número de prazas ofertadas e, polo tanto, reflexa unha capacidade sostida da titulación de captación de novos estudantes.
- 3) Idéntica conclusión é posible inferir da taxa de ocupación (indicador IN12-PC-05): aínda que nos dous últimos cursos académicos revélase unha tendencia decrecente, os 130 estudantes de primeira matrícula en primeiro curso representan una taxa de ocupación dun 104.00%, que non está moi lonxe do valor máximo alcanzado por esa taxa na serie dos seis últimos cursos (105.6% no ano académico 2014-2015), iguala o valor do curso 2015-2016 e é, polo tanto, satisfactoria.
 - 4) A matrícula de acceso (indicador IN03-PC-05) contribúe a manter a mesma interpretación: a ruptura, cun número de 130, da tendencia aparentemente decrecente do número de estudantes que se matriculan por primeira vez na titulación ao longo dos seis cursos precedentes (e, en concreto, nos dous anteriores), que é de 128 no curso 2016-2017, non resulta sorprendente nunha serie coa mesma característica de volatilidades relativa que se revela nas series de valores de indicadores anteriormente comentados.
 - 5) A relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas (indicador IN10-PC-05) apunta na mesma dirección: hasta un 83.20% dos matriculados por primeira vez elixe a titulación como primeira opción. Trátase da porcentaxe máis alta da serie temporal de seis cursos, superando en case 18 puntos porcentuais a porcentaxe do curso anterior.
 - 6) A tendencia ao incremento do número total de matriculados na titulación (indicador IN02-PC-05) parece manterse neste curso, porque o número de estudantes matriculados (496), aínda que é lixeiramente inferior aos 502 estudantes matriculados no curso anterior, representa o segundo valor máis alto da serie temporal.
 - 7) Aínda que non sexan completamente satisfactorios, os resultados de captación de alumnos non galegos (do resto de España e estranxeiros) non amosan tendencias de severo empeoramento, dado que se repiten curso a curso valores baixos. O 2.22% de estudantes españois de fora de Galicia sobre matriculados (indicador IN09-PC-05) no curso 2017-2018 mantense dentro das marxes de 2.28% (valor máximo do indicador na serie de seis cursos, alcanzado no curso 2011-2012) e de 1.58% (valor mínimo do indicador na mesma serie, alcanzado no curso 2012-1013). A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (1.21%) (indicador IN08-PC-05), aínda que é o segundo aumento consecutivo (0.41% e 0.8% nos dous cursos anteriores, mantense na estreita marxe de valores dos seis últimos cursos (cun mínimo de 0.41% no curso 2015-2016 e un máximo de 1,66% no curso 2014-2015).
 - 8) 482 dos 496 estudantes matriculados (97.18%) proceden de Galicia (INF 16). A porcentaxe restante corresponde a un estudante procedente de Ecuador, un estudante procedente de Portugal, un estudante procedente de Comunidade Valenciana, un estudante procedente de Asturias, un estudante procedente das Illes Balerars, dous estudantes procedentes de Canarias, dous estudantes procedentes de Castilla y León, un estudante procedente de Castilla La Mancha, dous estudantes procedentes de Cataluña, un estudante procedente de Navarra e dous estudantes procedentes da Comunidade Valenciana.

RESULTADOS

Aínda que os valores absolutos dos indicadores son satisfactorios, a comparación coa media da USC revela unhas diferencias que esixen estudar as causas, e deseñar e executar accións de mellora en todos os cursos do grao.

- 1) O dato da taxa de rendemento (IN34-S01-PM-01), 69.23%, inferior á media da USC (78.46%), mantense na proximidade dos valores dos tres cursos anteriores, estabilizándose en valores máis baixos que os de hai cinco cursos (superiores ao 73%). A Comisión insiste na necesidade de examinar as circunstancias que levan á diminución da taxa. Como en cursos anteriores, obsérvase unha progresión ascendente da taxa entre primeiro e terceiro, cun sucesivo descenso en cuarto curso, debido probablemente á

- duración das prácticas e os efectos que ten esa duración na elaboración de TFG.
- 2) O resultado da taxa de éxito (IN35-S01-PM-01), 84.58%, é o valor máis baixo na serie temporal dos seis últimos cursos, aínda que nunha marxe estreita (cun máximo de 88.67% no curso 2013-2014); polo tanto, é valorado positivamente. Mantense en niveis parecidos aos de cursos anteriores a distancia respecto do valor medio do indicador para a USC (87.20). Obsérvase, tal como en cursos precedentes, unha progresión ascendente da taxa curso a curso.
 - 3) O dato da taxa de avaliación (IN36-S01-PM-01) é do 81.85%, valor similar aos dos dous cursos anteriores (81.17%, 79.72% e 80.57%). Estes catro valores consecutivos son os máis baixos dende a implantación do Título (os precedentes son 81.32%; 79.39%; 83.6%; 85.16%; 84.89%) e se sitúan excesivamente por debaixo da media da USC (89,98%). Como en cursos anteriores, obsérvase unha progresión ascendente da taxa entre primeiro e terceiro, cun sucesivo descenso en cuarto curso, debido probablemente á duración das prácticas e os efectos que ten esa duración na elaboración de TFG.
 - 4) A taxa de éxito por curso (IN35-S01-PM-01 e INF 17) é a seguinte: primeiro, 74.88%; segundo, 80.91%; terceiro, 92.15%; cuarto, 97.81%. O terceiro e o cuarto cursos mostran resultados similares aos do curso anterior. Se no curso anterior, excepcionalmente, a diferenza entre primeiro e segundo apenas era relevante, no curso 2017-2018 volve a detectarse esa diferenza, dado que o valor da taxa no primeiro cursos descende a valores máis parecidos aos de cursos anteriores ao 2016-2017. No primeiro curso, a taxa aumenta en catro das 10 materias e se reduce nas outras seis; os aumentos van dun mínimo de 2.7 a un máximo de 7.2, e as reducións dun mínimo de -20.9 a un máximo de -0.1. En segundo, aumenta a taxa en seis materias, pero se reduce nas outras catro; o rango dos aumentos exténdese dun mínimo de 1.0 a un máximo de 24.9, e o das reducións dun mínimo de -22.6 a un máximo de -0.8; ademais, ate en dúas materias a redución supera os 10 puntos en valores absolutos. A Comisión suxire analizar o desenvolvemento dos primeiro e segundo cursos e valorar novamente, en función das expectativas do alumnado e a súa formación previa, a necesidade de introducir un curso ponte.
 - 5) A taxa de rendemento das materias do plan de estudo por curso (IN34-S01-PM-01 e INF 18) é a seguinte: primeiro, 57.36%; segundo, 69.49%; terceiro, 82.78%; cuarto, 76.78%. Os moi leves aumentos de segundo, terceiro e cuarto acompañanse dun descenso de máis de cinco puntos porcentuais en primeiro. Este descenso é resultado da acusada redución da taxa en seis materias, que non se compensa cós aumentos nas outras catro materias. Así, os descensos ocupan o rango entre o mínimo de -23.2% e o máximo de -2.5%; en cambio, os ascensos van dun mínimo de 0.2% a un máximo de 4.2. En segundo curso, aumenta a taxa en seis materias, pero se reduce nas outras catro; o rango dos aumentos exténdese dun mínimo de 1.3 a un máximo de 20.2, e o das reducións dun mínimo de -25.1 a un máximo de -3.1. Ate en 10 materias do terceiro curso se producen descensos da taxa, o mesmo número de materias que rexistran aumentos; só dous dos descensos superan os 10 puntos en valores absolutos, mentres que seis dos aumentos superan os 10 puntos. Os descensos de cuarto curso son moi notables: a taxa das prácticas externas pasa de 100% (curso 2015-2016) a 96.10% (curso 2016-2017) a 50% neste curso, e a taxa dos TFGs de 52.99% (curso 2015-2016) a 52.90% (curso 2016-2017) a 44.83% neste curso. Deste dato preocupa que parece confirmar contundentemente unha tendencia ao descenso respecto de valores acadados cursos atrás.
 - 6) A taxa de avaliación das materias do plan de estudo por curso (IN36-S01-PM-01 e INF 19) é a seguinte: primeiro, 76.60%; segundo, 85.88%; terceiro, 89.82%; cuarto, 78.50%. Destacan tanto o aumento de case nove puntos en cuarto curso como a redución de case tres en primeiro. O aumento de cuarto probablemente se deba á reforma do plan de estudos que levou a reducir o número de ECTS do traballo de fin de grao e das prácticas externas, así como á introdución de materias obrigatorias no cuarto curso da titulación. O descenso en primeiro é resultado da redución xeral da taxa en primeiro: aumenta só en tres materias, reducíndose en sete delas. O rango de variación dos aumentos ten un

mínimo de 0.9 puntos e un máximo de 4.3. Os descensos exténdense entre un mínimo de -10.6 e un máximo de -0.3. En segundo curso, aumenta a taxa en catro materias, pero se reduce nas outras seis; o rango dos aumentos exténdese dun mínimo de 0.6 a un máximo de 13.4, e o das reducións dun mínimo de -6.1 a un máximo de -1.2. Hasta en 10 materias do terceiro curso se producen descensos da taxa, mentres que que rexistran aumentos nas outras 10 materias; só un dos descensos supera os 10 puntos en valores absolutos, mentres que ate cinco dos aumentos superan os 10 puntos. O descenso no cuarto da taxa das prácticas externas e considerable: pasa de 100% (curso 2015-2016) a 96.10% (curso 2016-2017) a 50% neste curso; a taxa dos TFGs sofre unha redución do 58% do curso anterior ao 48.3 no curso 2017-2018.

- 7) O dato resultante da taxa de graduación (IN37-S01-PM-01), 41.75%, que representa a terceira caída consecutiva, consolida a tendencia clara ao descenso. O dato do curso 2017-2018 é claramente negativo, sobre todo, tendo en conta que, ao aumentar o valor medio do indicador para a USC (57.97%) respecto ao do curso anterior (56.83%), a distancia respecto a este aumenta de 13.28 puntos porcentuais a 16.22 puntos porcentuais.
- 8) A duración media dos estudos (IN38-S01-PM-01), 4.89 anos, aumenta respecto dos cursos dos que se dispón de datos (4.37; 4.31; 4.34; 4.51; 4.85), aínda que é inferior á media da USC (4.98 anos). Con todo, valórase negativamente e se apunta ao efecto que sobre este indicador pode ter a taxa de superación do TFG no cuarto curso.
- 9) A porcentaxe de alumnado matriculado en primeiro curso que non prosegue formación en cursos superiores (IN40-S01-PM-01) é do 25.64%. A taxa supera a do curso anterior, segue a ser superior ao mínimo valor da serie (20.41%, no curso 2012-2013) e moi superior á media da USC (16.02%), e representa o segundo valor máis alto da serie temporal de seis cursos, rachando cunha aparente tendencia á baixa iniciada cursos atrás respecto do valor máis alto da serie temporal dos seis últimos cursos (30.65%), no ano académico 2014-2015, aínda que o resultado.
- 10) O dato de taxa de abandono (IN41-S01-PM-01), 33.98% redúcese respecto ao 36.29% do curso 2016-2017, rachando a tendencia ascendente dos cursos anteriores (29.33%; 31%; 32.79%), pero é o segundo valor máis alto da serie dos cinco últimos cursos e sitúase por riba da media da USC (22.70%). É valorado negativamente pola Comisión e esixe un estudo.
- 11) A taxa de éxito dos egresados (IN50-S01-PM-01), 80.84%, sofre unha redución de case 12 puntos porcentuais respecto do 92.32% do curso anterior. O valor parece aceptable, aínda que parece aconsellable acadar taxas mais altas, e, a falta dunha serie temporal máis extensa e dun estudio en profundidade das causas, non se pode concluír nada máis que sexa relevante.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A taxa de resposta á enquisa de satisfacción do PAS segue a ser insatisfactoria aínda que ascenda do 30.00% do curso anterior ao 44.40% no curso 2017-2018.

No que atinxe ao posto de traballo, para todos os ítems as puntuación son superiores a 3. Nos catro ítems se melloran as puntuación obtidas no curso 2016-2017. En dous ítems supéranse as puntuacións medias da USC, en un iguálanse e só en un as puntuacións do centro son inferiores ás da USC (o axeitamento do reparto de cargas de traballo) no se alcanzan os valores medios para a USC. A percepción de ser parte dun equipo de traballo (4.00) e a facilidade para expresar as propias opinións no lugar de traballo (4.50) rexistran os valores máximos dos catro últimos cursos.

A dirección da unidade recibe puntuacións inferiores tanto ás do curso 2016-2017 como ás

medias da USC: a toma das decisións coa participación de todo o persoal da unidade puntúa con 3.33, as mínima dos catro últimos cursos; o seguimento do traballo polo responsable ten unha puntuación (2.67) que é a mínima dos tres últimos cursos.

Todos os indicadores sobre comunicación superan o valor 3. Para todos eles, a puntuación é inferior á media da USC. Para dous (a adecuación da información necesaria para desenvolver o propio traballo e a suficiencia do coñecemento dos servizos que prestan outras unidades da universidade) o valor é inferior ao do curso 2016-2017 e o mínimo dos catro últimos cursos. A adecuación da comunicación entre o persoal da unidade e os usuarios supera a puntuación do curso anterior.

Os espazos e recursos reciben unha valoración moi inferior á do curso anterior. Os dous indicadores (a adecuación dos espazos destinados ao desenvolvemento e á coordinación das funcións do PAS, e a adecuación dos recursos necesarios para o desenvolvemento das funcións) reciben una puntuación de 3.00, 1.3 puntos por debaixo do 4.33 para os dous no curso 2016-2017. Ademais, neste curso, as dúas puntuacións son inferiores ás medias da USC.

A adecuación da formación recibida para desempeñar o propio traballo (2.50) é a mínima dos catro últimos cursos e inferior á media do indicador para a USC.

A prioridade da mellora como obxectivo da unidade (4.25) alcanza o valor máis alto dos últimos catro cursos e supera á media da USC. A identificación, na actividade diaria, de aspectos susceptibles de mellora ten unha puntuación (3.25) que, aínda que é o segundo valor máis alto da serie dos catro últimos cursos, e inferior en máis de oito décimas ao valor do curso 2016-2017 e inferior ao valor medio da USC.

Finalmente, a satisfacción xeral no propio traballo é maior que no curso 2016-2017, pasando de 3.67 a 4.00. O curso 2016-2017 parece unha excepción, posto que, como ocurría nos dous primeiros cursos da serie, os niveis de satisfacción en 2017-2018 superan aos da media da USC.

Tal como se expón nas reflexións/comentarios ao apartado 3.1 (Criterio 3), todas as taxas de resposta son insatisfactorias. Case todos os cambios dos valores da case totalidade dos indicadores poden ser consecuencias de simple aleatoriedade e non reflectir cambio algún relevante nos procesos que supostamente se miden. Concluir algo sensato é, como mínimo, aventurado.

Ao longo de todo este informe, reitéranse, dada a estrutura do mesmo, os valores de todos os indicadores que se mencionan e, polo tanto, remitímonos ás reflexións/comentarios pertinentes.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adequación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ao no dispor de información novedosa, cabe reiterar o escrito no informe de seguimento de curso anterior: o informe SIIU presenta os datos relativos á cohorte de egresados no curso 2013-2014 (53 individuos). A taxa de afiliación á SS pasa de un 17% un ano despois de egresar (a 23 de marzo de 2015) a un 41.5% dous anos despois de egresar (a 23 de marzo de 2016). Sen unha referencia comparativa, é difícil concluir nada máis que, tendo en conta que parte dos egresados seguramente sigan estudos noutro grao ou de máster, e outra parte estea preparando oposicións, a subida entre o primeiro e o segundo ano é un dato positivo.






No que atinxe ao tipo de contrato, a porcentaxe de contratos indefinidos baixa de 40% a 20% entre o primeiro e o segundo ano, ascendendo, correspondentemente, a porcentaxe de temporais do 60% ao 80%. Aínda que o dato pode valorarse negativamente, falta unha referencia comparativa que permita relativizalo en función de dinámicas socioeconómicas que poden afectar de xeito máis xeral aos graduados universitarios.

Os traballadores a tempo completo pasan de ser o 62.5% un ano despois da graduación a ser o 80% dous anos despois. Un ano despois do egreso traballan a tempo parcial (máis de media

xornada) o 37.5% dos graduados, mentres que dous anos despois da graduación traballan a tempo parcial máis de media xornada o 10% e a tempo parcial menos de media xornada outro 10%. O aumento da porcentaxe de traballadores a tempo completo é positivo, pero, novamente, a ausencia dunha referencia comparativa dificulta unha valoración máis sólida do dato.

Finalmente, a porcentaxe de graduados no grupo de cotización universitario ascende entre un ano despois da graduación e dous anos despois da graduación do 22.9% ao 40.9%; desceden no mesmo período as porcentaxes do grupo de cotización medio, non manuais (do 22.2% ao 13.6%) e do grupo de cotización baixo e manual (55.6% a 45.5%). A ausencia dunha referencia comparativa dificulta a valoración dos datos. Non obstante, é positivo que dous quintas partes dos graduados estean no grupo de cotización de universitarios pasados dous anos desde o egreso, aínda que as elevadas porcentaxes de cotizantes nos grupos medio e, sobre todo, baixo e manuais, revelan, alomenos nese breve período, un problema de sobrecualificación ou de baixa demanda das competencias dos nosos graduados.




3. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Craterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	 E5_actas1718_calidade.pdf  E5_actas1718_academica.pdf  E5_actas1617_calidade.pdf  E5_actas1617_academica.pdf
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	 E6_graopoliticas17-18.pdf
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición	Autoinforme, Criterios 1 e 6

		resultados da aprendizaxe	
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2500193_P.Ind_2017-2018
			2500193_INF.16_2017-2018
			2500193_INF.CiUG_2017-2018
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2500193_P.Ind_2017-2018
			5014_INF.03_2017-2018
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC
			Web do Centro
			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora	Web do Centro

		da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	
3,7	E1 2	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro
3,7	E1 3	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7
Todos	14	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2500193_P.Ind_2017-2018
			2500193_INF.04_2017-2018
			5014_INF.05_2017-2018
			2500193_INF.06_2017-2018
			2500193_INF.07_2017-2018
			2500193_INF.08_2017-2018
			2500193_INF.09_2017-2018
			5014_INF.10_2017-2018
			5014_INF.11_2017-2018
			2500193_INF.13_2017-2018
			2500193_INF.14_2017-2018
			5014_INF.21_2017-2018
			2500193_INF.22_2017-2018
			2500193_INF.23_2017-2018
2500193_Informe_de_indicadores_2017-2018			
3	15	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2500193_P.Ind_2017-2018
			2500193_Informe_de_indicadores_2017-2018
4	E1 5	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2500193_E15_2017-2018

4	E1 6	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5014_E16_2017-2018
4	E1 7	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5014_I6-I7_2017-2018
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5014_I6-I7_2017-2018
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2500193_INF.13_2017-2018
			2500193_INF.14_2017-2018
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5014_I10_2017-2018
5	E1 8	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro
5	E1 9	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro

5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	 E20-graopoliticas17-18.pdf
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	 I11_graopoliticas1718.pdf
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	 e24_graopoliticas1718.pdf
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2500193_INF.15_2017-2018
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIU)	Autoinforme, Criterio 7
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2500193_P.Ind_2017-2018
			2500193_INF.17_2017-2018
			2500193_INF.18_2017-2018
			2500193_INF.19_2017-2018
			2500193 _ INF_SIU_2017-2018
			2500193 _Informe_de_indicadores_2017-2018

7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2500193_P.Ind_2017-2018
			2500193_INF.CiUG_2017-2018
			2500193_Informe_de_indicadores_2017-2018
7	I14	Resultados de inserción laboral	2500193_EIL-SIIU_2017-2018
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2500193_P.Ind_2017-2018 2500193_Informe_de_indicadores_2017-2018 2500193_MedUSC_2017-2018

4 .MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS

MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
<p>Eliminar a obrigatoriedade das prácticas externas e reducir a súa duración</p>	<p>Non é factible soste unha oferta obrigatoria de 90 prazas para prácticas externas con suficiente solvencia en termos de calidade.</p> <p>O alumnos, a través das reunións de coordinación de calidade mantidas durante os últimos meses, reiteran a solicitude de que o programa sexa ofertado de xeito optativo e que teñan menor duración. Unha demanda compartida polos titores internos e coordinador xeral de prácticas.</p>

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AMG19-01	
		Tipo	Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento
		Análise causa		Detección de anomalías na implementación dos títulos (solapamento horarios; abandono; sobrecarga de prácticas externas)
		Definición/descripción proposta		Analizar o deseño dos horarios do GCPA e do MMCCP e, se procede, redeseñalos. Estudo causas de abandono do alumnado do primeiro curso do GCPA; redimensionar o programa de prácticas externas e explorar a reforma do título
		Data prevista de finalización		Agosto 2019
	Data inicio		Febreiro 201	
Responsables	Responsable da implantación		Ramón Bouzas Lorenzo	
Tarefa 1	Código		AMG19-01-1	
	Descrición tarefa		Redeseñar os horarios do GCPA	
	Data prevista de finalización		Abril 2019	
	Persoa responsable		Miguel Caínzos López (Vicedecano)	
Tarefa 2	Código		AMG19-01-2	
	Descrición tarefa		Estudar causas de abandono no GCPA	
	Data prevista de finalización		Xullo 2019	
	Persoa responsable		Celestino García Arias (Coordinador do GCPA)	

Tarefa 3	Código	AMG19-01-3
	Descrición tarefa	Deseñar unha proposta de modificación do título eliminando a obrigatoriedade das prácticas externas no GCPA e reducindo a súa duración
	Data prevista de finalización	Xullo 2019
	Persoa responsable	Miguel Caínzos López

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AMG19-02
		Tipo	Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 2. Información e Transparencia
		Definición	Análise causa
	Definición/descrición proposta		Perfeccionar a información e comunicación da actividade extra-académica
	Data prevista de finalización		Maio 2019
	Data inicio		Febreiro 2019
Responsables	Responsable da implantación	Irene Rodríguez Manzano	
Tarefa 1	Código	AMG19-02-1	
	Descrición tarefa	Mellorar a información da actividade extra-académica	
	Data prevista de finalización	Maio 2019	
	Persoa responsable	Irene Rodríguez Manzano	
Tarefa 2	Código	AMG19-02-2	
	Descrición tarefa	Elaborar unha memoria cultural do Centro	
	Data prevista de finalización	Maio 2019	
	Persoa responsable	Irene Rodríguez Manzano	

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AMG19-03	
		Tipo	Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 3. Sistema de Garantía Interna
		Definición	Análise causa	Tarefas pendentes no desenvolvemento do SGIC do Centro
			Definición/descripción proposta	Mellorar a xestión do sistema de calidade do Centro
			Data prevista de finalización	Xullo 2019
	Data inicio	Maio 2019		
Responsables	Responsable da implantación	Miguel Caínzos López		
Tarefa 1	Código	AMG19-03-1		
	Descrición tarefa	Elaborar un regulamento de réxime interno para o Centro		
	Data prevista de finalización	Xullo 2019		
	Persoa responsable	Miguel Caínzos López		

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AMG19-05	
		Tipo	Acción de Mellora da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos Materiais
		Análise causa	Detección de diversos problemas na xestión de infraestruturas (Deficiencias na xestión de equipamentos; infrautilización do salón de actos por falta de adaptación ao desenvolvemento de actividades docentes; ineficacia do sistema de reserva de espazos; falta de seguimento dos usos culturais extraacadémicos)	
		Definición/descrición proposta	Renovar equipamentos; automatizar a reserva de espazos e prever novos usos de espazos	
		Data prevista de finalización	Agosto 2019	
		Data inicio	Outubro 2018	
Responsables	Responsable da implantación	Ramón Bouzas Lorenzo		
Tarefa 1	Código	AMG19-05-1		
	Descrición tarefa	Estudar a viabilidade da creación dunha nova aula de informática		
	Data prevista de finalización	Marzo 2019		
	Persoa responsable	Ester Filgueira López		
Tarefa 2	Código	AMG19-05-2		
	Descrición tarefa	Estudar a dispoñibilidade de novas aulas		
	Data prevista de finalización	Marzo 2019		
	Persoa responsable	Ramón Bouzas Lorenzo		
Tarefa 3	Código	AMG19-05-3		
	Descrición tarefa	Analizar novas necesidades de uso de espazos		
	Data prevista de finalización	Marzo 2019		
	Persoa responsable	Miguel Caínzos López		
Tarefa 4	Código	AMG19-05-4		
	Descrición tarefa	Rematar a actualización do equipamento da Aula de Informática		
	Data prevista de finalización	Xullo 2019		

	Persoa responsable	Ester Filgueira López
--	---------------------------	------------------------------